

# REAL ACADEMIA GALEGA

## Informe sobre o nome *Bieito* / *Benedito*

Joseph Aloisius Ratzinger adoptou o nome latino *Benedictus* para o seu pontificado, sendo o número 16 que o fai, polo que existe xa unha longa tradición do equivalente deste nome nas distintas linguas románicas.

A forma romance galega continuadora do latín *Benedictu* é *Bieito*, paralela ao castelán *Benito*.

Por influencia culta, no castelán desde moi cedo impúxose a forma latinizada *Benedicto* para designar os papas que adoptaban o nome latino *Benedictus*. No galego medieval non se observou esta tendencia a substituír a forma patrimonial *Bieito* ou *Beeito* pola culta *Benedito* para designar os papas. Na documentación medieval galega, para referirse aos papas, aparece de maneira sistemática a forma *Bieito* (ou algunha das súas variantes gráficas *Beeito*, *Beneito*...):

- *O ãno que esto foy morreu o papa Bonifas, et poserõ en seu lugar a Beeyto, o setëno, et conpri[rõ]sse cõ el CXXXtavijito apostoligos.*
- *En este ãno outrosy morreu o papa Beeyto, et foy posto en seu lugar Johan xjo et forõ cõ el CXXXalX apostoligos.*
- *tanto que morreu en esse ano Sseryu, papa, et [foy] posto en seu logar Beeyto oytauo; et forõ cõ el çento et xla viijo apostoligos.*
- *et foy posto en seu logar Bãeyto, o terçeyro; et forõ cõ el çento et dous apostoligos.*
- *morreu aquel Bãeyto papa, et foy posto en seu logar Nicholaus, o primeyro; et forõ cõ el Ç et tres apostoligos.*
- *Et este ãno morreu Johã papa, et foy posto en seu logar Bãeyto, o quarto; et forõ cõ el çxvij apostoligos.*
- *Et en este ãno en que isto acaeceu, morreu o papa Bãeyto et poserõ en seu logar a Leõ, o quinto;*
- *encarnaçõ en [M] et xvij anos; et [o] do enperio de Enrique en XX; et [o]do papa Bãeyto en X; et [o] de Roberte, rrey de Frãça, en XX et vj anos;*

# REAL ACADEMIA GALEGA

- *finou o papa Bēeyto et foy posto en seu lugar \*\*Johan, el xvijno dos que ouuerō este nume, et forō cō elle apostoligos ena jgleia de Rroma...*
- *finou o papa Johan et foy posto en seu lugar o papa Beneyto,*
- *morreu o papa Beneyto, que ouuera o papadigo per symonia.*

Xa que a denominación galega histórica tradicional era *Bieito* non parece existir razón de peso para romper con esta tradición e adoptar a forma culta *Benedito*, sen dúbida de influencia castelá. Por outro lado, a forma *Bieito* casa perfectamente coas outras palabras da familia: *bieito, a* (“frade bieito”), *beizón, (cfr. cast. benedictino, bendición)*, etc.

Ademais, a solución popular galega *Bieito* concorda coa adoptada nas outras lingua románicas (agás o castelán): port. *Bento*, cat. *Benet*, fr. *Benoit*, it. *Benedetto...*

En conclusión, esta Academia considera que a forma que debe adoptarse é *Bieito XVI*, voz patrimonial que foi a única forma usual mentres o galego gozou dun estatus de normalidade, e que coincide coa solución adoptada pola maioría das lingua do noso ámbito.